



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


**Xaneiro 2019**

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Xaneiro 2019


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xaneiro en Galicia un aumento do 11,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 10,7 puntos superior ao do mes de decembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 5,4%, 2,7 puntos máis que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 13,0% e os Outros servizos o 7,0%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,5% e en España un 2,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de xaneiro. Galicia é a comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a sexta comunidade co maior incremento do emprego.



## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xaneiro en Galicia un aumento do 11,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 10,7 puntos superior ao do mes de decembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 5,4%, 2,7 puntos máis que no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 13,0% e achega 10,1 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 7,0% e achegan 1,6 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 4,7%, 8,3 puntos menos que en Galicia e os *Outros servizos* aumentan o 6,7%, taxa tamén inferior á galega (0,3 puntos).

O incremento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 19,1% e achega 9,9 puntos á taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta o 2,7% e o *Comercio ao retalho* o 0,5%.

A nivel nacional, o *Comercio por xunto* rexistra un incremento do 6,1% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* do 3,4%.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 7,0%; o sector que máis contribúe a este crecemento é o *Transporte*, que cun incremento do 11,9% achega 1,1 puntos a taxa de variación do índice xeral. Pola contra, as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* reducen a súa facturación (-0,4%).

En España, os *Outros servizos* aumentan o 6,7%. Os sectores con maiores incrementos son as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (ambas as dúas 9,8%).

## 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB


Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 9,5% no mes de xaneiro. Este incremento débese principalmente ao *Comercio* que aumenta o 11,6% e achega 5,6 puntos á taxa de variación do índice xeral, e ao *Transporte*, que crece un 14,5% e achega 2,2 puntos.

## 1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 11,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 9,5%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




## 1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de xaneiro en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores aumentos danse en Galicia (11,7%) e La Rioja (10,0%). As comunidades con menores crecementos son Canarias (3,1%) e Castilla y León (3,3%).

### Índices de cifra de negocios. Xaneiro 2019


#### Taxa de variación en %



## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,5% respecto ao mes de xaneiro de 2018, 0,3 puntos máis que en España (2,2%).



O persoal ocupado aumenta un 3,4% no *Comercio* e un 1,7% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas. No *Comercio*, o *Comercio por xunto* rexistra o maior crecemento (8,2%). Nos *Outros servizos*, o maior incremento rexístrase no *Transporte* (2,7%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. Os maiores incrementos rexístranse en *Información e comunicación* (3,3%) e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (3,1%).


## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de xaneiro con respecto ao mesmo mes do ano 2018. O maior incremento dáse en Navarra (3,0%).

Castilla y León (1,0%) e Canarias e Cantabria (ambas as dúas 1,1%) son as comunidades onde menos crece ocupación.

## Índices de persoal ocupado. Xaneiro 2019

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xaneiro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>123,3</b>	<b>11,7</b>	<b>11,7</b>
<b>Comercio</b>	<b>129,0</b>	<b>13,0</b>	<b>13,0</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	95,9	2,7	2,7
Comercio por xunto	140,4	19,1	19,1
Comercio ao retalho	110,3	0,5	0,5
<b>Outros servizos</b>	<b>106,1</b>	<b>7,0</b>	<b>7,0</b>
Transporte	113,8	11,9	11,9
Hostalería	91,5	4,9	4,9
Información e comunicacións	102,8	1,5	1,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,7	7,2	7,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	104,2	-0,4	-0,4
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>113,1</b>	<b>5,4</b>	<b>5,4</b>
<b>Comercio</b>	<b>115,3</b>	<b>4,7</b>	<b>4,7</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	119,2	3,4	3,4
Comercio por xunto	116,8	6,1	6,1
Comercio ao retalho	110,6	2,5	2,5
<b>Outros servizos</b>	<b>109,2</b>	<b>6,7</b>	<b>6,7</b>
Transporte	112,6	6,9	6,9
Hostalería	92,4	4,4	4,4
Información e comunicacións	109,8	3,0	3,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	120,5	9,8	9,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	106,0	9,8	9,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xaneiro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	115,9	9,5	9,5
Comercio	126,9	11,6	11,6
Transporte	133,3	14,5	14,5
Hostalería	92,0	4,8	4,8
Información e comunicacións	104,9	1,2	1,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	104,4	8,3	8,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,4	2,5	2,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE



**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.  
Xaneiro 2019**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>113,1</b>	<b>5,4</b>	<b>5,4</b>
Andalucía	111,3	6,0	6,0
Aragón	111,5	7,9	7,9
Asturias	110,4	7,3	7,3
Balears, Illes	85,1	7,0	7,0
Canarias	115,6	3,1	3,1
Cantabria	118,1	9,2	9,2
Castilla y León	103,8	3,3	3,3
Castilla-La Mancha	117,9	9,2	9,2
Cataluña	110,5	4,8	4,8
Comunitat Valenciana	113,9	5,9	5,9
Extremadura	106,3	3,8	3,8
<b>GALICIA</b>	<b>123,3</b>	<b>11,7</b>	<b>11,7</b>
Madrid	116,7	3,9	3,9
Murcia	114,9	7,2	7,2
Navarra	115,8	7,3	7,3
País Vasco	114,8	5,4	5,4
Rioja, La	119,5	10,0	10,0

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xaneiro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>106,1</b>	<b>2,5</b>	<b>2,5</b>
<b>Comercio</b>	<b>107,6</b>	<b>3,4</b>	<b>3,4</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	99,8	2,2	2,2
Comercio por xunto	119,4	8,2	8,2
Comercio ao retalho	102,4	0,7	0,7
<b>Outros servizos</b>	<b>104,9</b>	<b>1,7</b>	<b>1,7</b>
Transporte	104,5	2,7	2,7
Hostalería	100,3	1,5	1,5
Información e comunicacións	105,4	0,1	0,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	105,1	1,3	1,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	110,8	1,8	1,8
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>106,3</b>	<b>2,2</b>	<b>2,2</b>
<b>Comercio</b>	<b>106,0</b>	<b>1,5</b>	<b>1,5</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	106,5	2,1	2,1
Comercio por xunto	109,5	2,0	2,0
Comercio ao retalho	103,7	1,2	1,2
<b>Outros servizos</b>	<b>106,5</b>	<b>2,6</b>	<b>2,6</b>
Transporte	108,2	2,6	2,6
Hostalería	99,9	1,8	1,8
Información e comunicacións	108,6	3,3	3,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,5	2,6	2,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	111,7	3,1	3,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.  
Xaneiro 2019**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>106,3</b>	<b>2,2</b>	<b>2,2</b>
Andalucía	104,5	2,2	2,2
Aragón	107,7	2,5	2,5
Asturias	103,8	1,5	1,5
Baleares, Illes	90,3	2,7	2,7
Canarias	109,1	1,1	1,1
Cantabria	106,0	1,1	1,1
Castilla y León	103,5	1,0	1,0
Castilla-La Mancha	104,7	1,5	1,5
Cataluña	107,6	2,1	2,1
Comunitat Valenciana	108,1	2,1	2,1
Extremadura	104,1	2,8	2,8
<b>GALICIA</b>	<b>106,1</b>	<b>2,5</b>	<b>2,5</b>
Madrid	107,7	2,9	2,9
Murcia	109,5	1,4	1,4
Navarra	107,0	3,0	3,0
País Vasco	105,1	2,0	2,0
Rioja, La	107,1	2,3	2,3

Fonte: INE